

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. De conformidade co artigo 20 da Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, salvo a información que a Lei obriga a conservar indefinidamente na historia clínica, o resto da información conservarase como mínimo:**

- A) Ata que transcorra un ano desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- B) Ata que transcorra ano e medio desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- C) Ata que transcorran dous anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- D) Ata que transcorran cinco anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.

**2. A Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, no seu artigo 30 establece que o Sistema Público de Saúde de Galicia:**

- A) Non forma parte do Sistema Nacional de Saúde.
- B) É un sistema autónomo que colabora co Sistema Nacional de Saúde.
- C) É parte integrante do Sistema Nacional de Saúde.
- D) É un sistema autónomo que colabora coas institucións sanitarias privadas existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3. Segundo o artigo 28.2.a. do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, será requisito adicional para ser admitido ao concurso de traslados, para o persoal en activo ou con reserva de praza, ter tomado posesión na praza desempeñada con:**

- A) Seis meses de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- B) Un ano de antelación como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- C) Dous anos de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- D) Tres anos de antelación, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.

**4. Segundo o establecido no Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os postos de supervisor/a de área funcional proveeranse polo procedemento de:**

- A) Libre designación.
- B) Oposición.
- C) Avaliación colexiada.
- D) Concurso de méritos.

**5. Segundo o artigo 40 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, as infraccións califícanse como leves, graves e moi graves, atendendo a diversos criterios entre os que se encontra:**

- A) O risco para a saúde.
- B) A contía do eventual beneficio obtido.
- C) O grao de intencionalidade.
- D) Todas as respostas son correctas.

**6. Segundo o artigo 66 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco, procederá declarar ao persoal estatutario en excedencia por prestación de servizos no sector público salvo que obtivera a oportuna autorización de compatibilidade:**

- A) Cando presten servizos noutra categoría de persoal estatutario en calquera das Administracións públicas.
- B) Cando presten servizos como funcionario en calquera das Administracións públicas.
- C) Cando presten servizos como laboral en calquera das Administracións públicas.
- D) Todas as respostas son correctas.

**7. A Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, establece no seu artigo 18.2, que a atención primaria integral da saúde inclúe:**

- A) Tan só accións curativas e rehabilitadoras.
- B) Unicamente accións curativas e rehabilitadoras e as que tendan á promoción da saúde do individuo.
- C) Exclusivamente accións que tendan á promoción da saúde e á prevención da enfermidade do individuo.
- D) As accións curativas e rehabilitadoras, as que tendan á promoción da saúde e á prevención da enfermidade do individuo e da comunidade.

**8. Segundo o artigo 13 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cal é o órgano colexiado asesor das Administracións públicas na formulación das políticas de prevención e órgano de participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo?**

- A) A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- B) O Instituto Nacional de Seguridade Social.
- C) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- D) O Comité Nacional de Saúde Laboral.

**9. Segundo o artigo 3 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, terán a consideración de actos de violencia psicolóxica contra a muller os exercidos por:**

- A) Homes do súa contorna familiar.
- B) Homes da súa contorna social.
- C) Homes da súa contorna laboral.
- D) Todas as respostas son correctas.

**10. Segundo o artigo 18 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal dos seguintes é un dereito colectivo?:**

- A) Dereito a dispoñer de servizos de prevención e de órganos representativos en materia de seguridade laboral.
- B) Dereito á mobilidade voluntaria, promoción interna e desenvolvemento profesional.
- C) Dereito ao encadramento no Réxime Xeral da Seguridade Social.
- D) Dereito á xubilación.

Preguntas de reserva

**1. Segundo o artigo 11 do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, as convocatorias e as bases dos procesos selectivos:**

- A) Vinculan á Administración, aos tribunais de selección e aos aspirantes que participen nas mesmas.
- B) Vinculan aos tribunais de xustiza, aos tribunais de selección e aos aspirantes que participen nas mesmas.
- C) Vinculan unicamente aos aspirantes que participen nas mesmas.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**2. Segundo o artigo 19 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco, o persoal estatutario dos servizos de saúde está obrigado a:**

- A) Realizar actividade sindical.
- B) Realizar promoción interna.
- C) Participar nas folgas que se convoquen no ámbito sanitario.
- D) Cumprir o réxime sobre incompatibilidades.